

**NATURAIS 2º. AS MÁQUINAS (15-19 XUÑO)**

**AVIÓNS INTELIXENTES**

**A tía de Martina é piloto comercial.**

**Un día levouna a ver por dentro o avión que adoita pilotar.**

**Cando Martiña entrou na cabina, quedou abraiada.**

**-Agora – explicoulle a tía - , os ordenadores axúdannos a engalar, a controlar o voo e a aterrar.**

**Martiña preguntou:**

**-E para que serve esta pantalla?**

**-Nesa pantalla- continuou a súa tía-, o ordenador móstranos unha especie de fotografía da zona pola que voa o avión. Así sabemos se hai un bosque, montañas, unha cidade...**

**Martiña quedou satisfeita coas explicacións da súa tía. E máis tranquila. Porque, grazas aos ordenadores, cada día é máis difícil que haxa accidentes de aviación.**

**1.- Sobre que trata o texto? Escribe.**

.....  
.....

**Pensa outro título para este texto e escríbeo.**

.....

**2.- En que consiste o traballo de piloto comercial? Explica.**

.....  
.....

**3.- Marca as afirmacións verdadeiras sobre a utilidade dos ordenadores para voar.**

..... Axudan a engalar e a aterrizar os avión.

..... Producen a enerxía que o avión precisa para voar.

..... Mostran como é o terreo sobre o que se voa.

..... Fan que os pasaxeiros viaxen cómodos.

**4.- Por que pensa Martiña que grazas aos ordenadores é máis difícil que se produzan accidentes de aviación? Explica.**

.....

.....

.....

**5.- Debuxa un avión.**